

PLENO

**ACTA 2021/12 DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO
CONCELLO DE OROSO DO 30/09/2021.**

No salón de plenos da casa do Concello de Oroso cando son as 19:00 horas do día indicado comparecen:

- 1 Luís Rey Villaverde (PSdeG-PSOE).
- 2 Vanesa Boo Martínez (PSdeG-PSOE).
- 3 Antonio Leira Piñeiro (PSdeG-PSOE)
- 4 Javier Grela Mosquera (PSdeG-PSOE)
- 5 Beatriz Rodeiro Fernández (PSdeG-PSOE)
- 6 José Calvo Rey (PSdeG-PSOE).
- 7 Alexander Doval Expósito (PP)
- 8 Lidia López Gándaras (PP)
- 9 Silvia Suárez García (PP).
- 10 José Carlos Mosquera Boo (PP).
- 11 José Manuel Mirás Pulleiro (OR)
- 12 María Teresa Cendal Iglesias (OR)
- 13 Isabel Fernández Gallego (BNG).

Actúa como secretario o Secretario titular do Concello D. Federico Suárez Cancelo, non asiste o Interventor da Corporación D. Félix Carrasco del Pozo por desfrute de vacacións. Preside a sesión o Alcalde D. Luís Rey Villaverde.

Constitúese o Pleno da Excm. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a seguinte ORDE DO DÍA

I PARTE RESOLUTORIA

1.- Aprobación de actas do Pleno do Concello.

1.1.-Acta da sesión ordinaria do 29/07/2021. Acta 10/2021.

1.2.-Acta da sesión ordinaria do 14/09/2021. Acta 11/2021.

2.-Aprobar se procede participar na 2ª Fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) Adicional 2/2021 da Deputación Provincial da Coruña.

II PARTE DE CONTROL

3.- Toma de coñecemento das resolucións da Alcaldía ditadas que van desde a nº 990/2021 do 23/07 ata a 1332/2021 do 24/09.

4.- Toma de coñecemento dos reparos de legalidade emitidos pola Intervención Municipal entre o 23/07/2021 ata o 24/09/2021.

PLENO

5.-Dación de conta do informe de Tesourería sobre o estado de tramitación das facturas durante o segundo trimestre do ano 2021.

6.- Mocións dos Grupos municipais.

7.- Rogos e preguntas.

O Sr. Alcalde da por aberta a sesión pasándose a continuación a tratar os diferentes asuntos da orde do día:

1.- Aprobación de actas do Pleno do Concello.

1.1.-Acta da sesión ordinaria do 29/07/2021. Acta 10/2021.

Logo de ver a minuta da acta de Pleno nº 10/2021 da extraordinaria do 29/07/2021 que foi remitida aos concelleiros xunto coa convocatoria deste Pleno o Sr. Alcalde pregunta aos membros da corporación si algún ten que facer algún tipo de observación.

Non se producen intervencións.

Non existindo mais intervencións o Sr. Alcalde somete a votación a aprobación da acta e o Pleno por:

Votos a favor: trece (6 do PSdeG-PSOE; 4 do PP; 2 de OR e 1 do BNG).

Votos en contra: ningún (0 votos)

Abstencións: ningunha (0 votos) apróbase a acta nº 10/2021 da sesión extraordinaria do Pleno do 29/07/2021 e a súa incorporación ao libro de actas de conformidade co previsto no Regulamento de Organización Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

1.2.-Acta da sesión ordinaria do 14/09/2021. Acta 11/2021.

Logo de ver a minuta da acta de Pleno nº 11/2021 da sesión ordinaria do 14/09/2021 que foi remitida aos concelleiros xunto coa convocatoria deste Pleno o Sr. Alcalde pregunta aos membros da corporación si algún ten que facer algún tipo de observación.

D. José Manuel Mirás Pulleiro (OR) solicita desculpas pola súa non asistencia.

O Sr. Alcalde somete a votación a aprobación da acta e o Pleno por:

Votos a favor: trece (6 do PSdeG-PSOE; 4 do PP; 2 de OR e 1 do BNG).

Votos en contra: ningún (0 votos)

PLENO

Abstencións: ningunha (0 votos) apróbase a acta nº 11/2021 da sesión ordinaria do Pleno do 14/09/2021 e a súa incorporación ao libro de actas de conformidade co previsto no Regulamento de Organización Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

2.-Aprobar se procede participar na 2ª Fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) Adicional 2/2021 da Deputación Provincial da Coruña.

Logo de ver a proposta de acordo asinada pola Alcaldía que di:

Logo de ver a proposta de acordo asinada pola Alcaldesa en funcións di:

LOGO DE VER a circular da Deputación Provincial da Coruña do 17.06.2021 sobre a elaboración do POS +ADICIONAL 2/2021 POR MAIOR ACHEGA DESTA DEPUTACIÓN , na que se comunica que o importe da achega provincial asignada ao Concello de Oroso POS+ADICIONAL 2/2021 por maior achega provincial é de 254.839,64 euros.

E DE VER que por Resolución de Alcaldía nº 892/2021 do 30/06/2021 acordouse participar na 1ª Fase do Plan Provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS +Adicional 2/2021 da Deputación Provincial da Coruña ao financiamento dos seguintes investimentos:

Investimentos financeiramente sostibles xa incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2021	Financiamento dos investimentos		
	Deputación	Concello	Orzamento total
AMPLIACIÓN DE VIAL DE REQUEIXO E EIRIS	€ 118.624,02	0	118.624,02 €
SANEAMENTO E ABASTECIMENTO DE AUGA NO NÚCLEO DE CARBALLOS(DEIXEBRE)	€ 111.064,04	0	111.064,04 €
TOTAL	€ 229.688,06	€	229.688,06 €

E DE VER que a diferenza pendente para a segunda fase é de 25.151,58 euros.

E DE VER a Providencia de Alcaldía pola que se ordena aplicar á 2ª FASE DO POS +ADICIONAL 2/2021 os investimentos seguintes:

- MELLORA DE PAVIMENTACIÓN DE VIAL NO NÚCLEO DE VILAR DE ABAIXO

E DE VER o proxecto de MELLORA DE PAVIMENTACIÓN VIAL NO NÚCLEO DE VILAR DE ABAIXO redactado pola enxeñeira dona Eva María Cayado Varela en setembro de 2021, e por importe de 30.000,01 euro

PLENO

LOGO DE VER o informe técnico favorable sobre o Proxecto básico e de execución de MELLORA DE PAVIMENTACIÓN DE VIAL NO NÚCLEO DE VILAR DE ABAIXO emitido polo arquitecto técnico municipal o 20.09.2021.

LOGO DE VER o informe da Secretaría da Corporación, do 22.09.2021 no que se informa favorablemente a inclusión no POS + ADICIONAL 2/2021 o proxecto de MELLORA DE PAVIMENTACIÓN DE VIAL NO NÚCLEO DE VILAR E ABAIXO.

TENDO EN CONTA que o POS+2021 configúrase como un plan provincial de investimentos locais, que elaborará a Deputación provincial tendo en conta os plans municipais que elabora o concello.

TENDO EN CONTA que, conforme ao artigo 36 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local – LRBRL – e aos artigos 32 e 33 do Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, en relación co artigo 36.2 a) da LRBRL, trátase dunha delegación de competencias municipais.

TENDO EN CONTA que, conforme establece o artigo 27 da LRBRL, en relación co artigo 47.2 h) daquela, a competencia para aprobar as delegacións de competencias correspóndelle ao Pleno do Concello e que dita o acordo terá que adoptarse por maioría absoluta do número legal de membros da corporación.

TENDO EN CONTA que en cumprimento do disposto no artigo 123 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, o expediente deberá ser previamente estudado pola Comisión informativa de asuntos do Pleno.

TENDO EN CONTA as atribucións que me confire o artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, en relación co artigo 123 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, propono ao Pleno do Concello, previo ditame da Comisión informativa de asuntos xerais do Pleno:

1.-Participar na 2ª Fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) Adicional 2/2021 da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, solicitando a aplicación do resto da maior achega provincial asignada non utilizada na 1ª Fase, aos investimentos financeiramente sostibles que se indican a continuación, e aprobar os correspondentes proxectos de obras ou pregos das subministracións:

Investimentos financeiramente sostibles	Financiamento dos investimentos		
	2ª Fase POS+ Adicional 2/2021	Deputación	Concello

PLENO

MELLORA DE PAVIMENTACIÓN DE VIAL NO NÚCLEO DE VILAR DE ABAIXO	25.151,58 €	4.848,43 €	30.000,01 €
TOTAL	25.151,58 €	4.848,43 €	30.000,01 €

Maior achega provincial asignada ao concello	254.839,64 €
Maior achega provincial aplicada na 1ª Fase	229.688,06 €
Maior achega provincial aplicada na 2ª Fase	25.151,58 €

2.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

3.- Declarar que o concello ten crédito, e de ser o caso, que se compromete a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios, para facer fronte á achega municipal aos investimentos financeiramente sostibles incluídos na 2ª Fase do POS+ Adicional 2/2021, se o concello voluntariamente realiza algunha achega ao seu financiamento.

4.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

5.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

6.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesorería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

7.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

Ábrese unha quenda de intervencións.

Intervén D. José Manuel Mirás Pulleiro (OR) quen afirma que non ten claro o vial concreto que é.

O Sr. Alcalde sinala que é o que vai paralelo e que sube a Baxoia ata as casas.

PLENO

D. Alexander Doval Expósito (PP) afirma que son poucos cartos, se trata dun vial que efectivamente está deteriorado e imos a votar a favor.

O Sr. Alcalde afirma que xa anticipa que van a meter formigón, polo feito de non meter maquinaria pesada xa que existe risco de tirar o muro que está protexido.

D. José Manuel Mirás Pulleiro (OR) sinala que non estaría mal poñer algo de pedra.

O Sr. Alcalde da por rematado o debate sometendo a proposta de acordo a votación e o Pleno por:

Votos a favor: trece (6 do PSdeG-PSOE; 4 do PP, 2 de OR e 1 do BNG)

Votos en contra: ningún (0 votos)

Abstencións: ningunha (0 votos) adopta o seguinte acordo:

1.-Participar na 2ª Fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) Adicional 2/2021 da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, solicitando a aplicación do resto da maior achega provincial asignada non utilizada na 1ª Fase, aos investimentos financeiramente sostibles que se indican a continuación, e aprobar os correspondentes proxectos de obras ou pregos das subministracións:

Investimentos financeiramente sostibles	Financiamento dos investimentos		
	Deputación	Concello	Orzamento total
2ª Fase POS+ Adicional 2/2021			
MELLORA DE PAVIMENTACIÓN DE VIAL NO NÚCLEO DE VILAR DE ABAIXO	25.151,58 €	4.848,43 €	30.000,01 €
TOTAL	25.151,58 €	4.848,43 €	30.000,01 €

Mayor achega provincial asignada ao concello	254.839,64 €
Mayor achega provincial aplicada na 1ª Fase	229.688,06 €
Mayor achega provincial aplicada na 2ª Fase	25.151,58 €

PLENO

2.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

3.- Declarar que o concello ten crédito, e de ser o caso, que se compromete a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios, para facer fronte á achega municipal aos investimentos financeiramente sostibles incluídos na 2ª Fase do POS+ Adicional 2/2021, se o concello voluntariamente realiza algunha achega ao seu financiamento.

4.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

5.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

6.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

7.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

II PARTE DE CONTROL

3.- Toma de coñecemento das resolucións da Alcaldía ditadas que van desde a nº 990/2021 do 23/07 ata a 1332/2021 do 24/09.

Dáse conta dos decretos ditados pola Alcaldía desde o 990/2021 do 23/07/2021 ata o 1332/2021 do 24/09/2021 dos que se lles deu relación aos concelleiros e estiveron a disposición dos mesmos desde a convocatoria da sesión do Pleno.

4.- Toma de coñecemento dos reparos de legalidade emitidos pola Intervención Municipal entre o 23/07/2021 ata o 24/09/2021.

Dáse conta dos reparos formulados pola intervención municipal entre o 23/07/2021 ata o 24/09/2021.

Nº	Data	Asunto
1	26/08/2021	Exp.2021/X999/000410. Gratificacións administrativo contratación.

PLENO

5.-Dación de conta do informe de Tesourería sobre o estado de tramitación das facturas durante o segundo trimestre do ano 2021.

Dáse conta do informe elaborado pola Intervención – Tesourería sobre o estado de tramitación das facturas durante o segundo trimestre do ano 2021.

6.- Mocións dos Grupos municipais.**6.1.-Moción presentada polo grupo municipal do PP relativa á falta de médicos en atención primaria.**

Primeiramente o Sr. Alcalde somete a debate e votación a urxencia da moción.

Non se producen intervencións.

O pleno por:

Votos a favor: trece (6 do PSdeG-PSOE; 4 do PP; 2 de OR e 1 do BNG).

Votos en contra: ningún (0 votos).

Abstencións: ningunha (0 votos) aproba a urxencia da moción.

Seguidamente, logo de ver o contido da moción:

“No ano 2017 o Estudo sobre Demografía Médica elaborado pola Organización Médica Colexial e o Consello Xeral de Colexios Oficiais de Medicina arroxaba unhas conclusións contundentes:

-Se está formando una bolsa de médicos sin especialidad que no pueden trabajar en el SNS y que, a pesar de superar la nota de corte del MIR, se quedan fuera.

-De continuar este desajuste, miles de médicos se quedarán cada año sin poder acceder a una plaza de formación sanitaria especializada (imprescindible para trabajar en el Sistema Nacional de Salud) y tras acabar la carrera se verán abocados al sector privado, el paro o la emigración.

-Por otro lado, en los próximos años se producirán un importante número de jubilaciones que necesitarán ser cubiertas por nuevos especialistas.

Froito de advertencias como estas, reiteradas por parte de organizacións profesionais e xestores sanitarios, o Goberno de Mariano Rajoy creou o grupo de traballo sobre déficit de profesionais cuxas conclusións se expuxeron ao Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde a comezos do 2018.

Como resultado de este estudo, o pleno do Consello Interterritorial do 24 de abril de 2018 adoptou diversos acordos como:

-Revisar os requisitos de acreditación de centros e unidades docentes nas especialidades de medicina de familia e pediatría de atención primaria.

PLENO

-Modificar a Lei de ordenación das profesións sanitarias, para establecer un procedemento mais áxil e flexible para acreditar centros e unidades docentes para a formación sanitaria especializada.

-Modificar a Lei do Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde para incentivar a provisión de prazas de difícil cobertura.

-Ademais, contábase con ter a finais de 2018 completado o Rexistro Estatal de Profesionais Sanitarios e poder, a través del, realizar un estudo de necesidades de especialistas a nivel nacional.

Pouco menos dun mes e medio despois deses acordos, aprobados por unanimidade, tamén por gobernos autonómicos socialistas, o PSOE accedía ao Ministerio de Sanidade.

Desde entón pasaron xa tres anos e catro ministros pero non hai ningún avance en ningún destes temas que todas as Comunidades Autónomas, en abril de 2018, consideraron que correspondía ao Goberno de España resolver.

Ademais Galicia foi a única comunidade autónoma que presentou unha proposta formal ao Goberno central de reforma do Estatuto Básico do Emprego Público para eliminar as taxas de reposición e, ademais, habilitar a oferta anticipada das prazas que se prevé que quedarán de vacantes previstas nos próximos dous anos para que os empregados públicos que se xubilan sexan relevados por persoal fixo. Esta proposta tampouco foi aceptada polo goberno.

Desde a Xunta de Galicia tense reiterado esta solicitude aos distintos gobernos centrais. No ano 2014 solicitouse por carta aos ministros Cristobal Montoro e Ana Mato o incremento de ata o 50% dese límite. En decembro de 2016 trasladouse á Ministra Dolors Montserrat unha serie de temas prioritarios para Galicia encabezada pola eliminación dos límites na taxa de reposición, unha solicitude que foi repetida posteriormente ante as catro persoas que ocuparon o Ministerio de Sanidade desde que Pedro Sánchez é Presidente do Goberno.

Na última ocasión, remitiuse á Ministra Carolina Darias un acordo acadado por unanimidade no Parlamento de Galicia o 14 de novembro de 2020 a raíz dunha moción, precisamente, do Grupo Socialista e na que se lembraba que tamén as conclusións da Comisión de Reconstrución creada no Congreso incluían esta recomendación. O ditame en materia de Sanidade, aprobado no Pleno do Congreso do 22 de xullo de 2020 cos votos favorables de PP, PSOE, Unidas Podemos e Ciudadanos e cos votos en contra de VOX e dos nacionalistas (incluído o BNG) recollía a recomendación “Eliminar a taxa de reposición de efectivos para terminar con la precariedad laboral”.

A pesares desta posición maioritaria do Congreso, do acordo unánime do Parlamento de Galicia e das reiteradas peticións da Xunta de Galicia e doutros gobernos autonómicos, o Goberno de Sánchez mantivo, nos Orzamentos Xerais do Estado para 2021 unha taxa de reposición que impide ás administracións sanitarias convocar todas as súas prazas vacantes.

Malia o contexto económico dos últimos anos, o Servizo Galego de Saúde, en cumprimento do compromiso de dotar de estabilidade aos seus cadros de

PLENO

persoal, publicou ininterrompidamente desde o 2012 un novo decreto de oferta de emprego público cada ano, esgotando sempre a taxa máxima de reposición de efectivos autorizada en cada momento pola lexislación básica do Estado, cunha oferta total de 8.112 prazas nestes anos, priorizando ademais a convocatoria nas categorías que traballan en atención primaria.

É dicir, a Xunta de Galicia convocou todas as prazas de persoal sanitario que lle permitiu o Goberno de España en cada momento mentres que o actual Goberno de España, conformado por partidos que levaban anos pedindo a supresión dos límites ás taxas de reposición de efectivos no eido sanitario, continúan a mantelas, impedindo a convocatoria de novas prazas. Nese escenario, a combinación da escaseza de novos especialistas incorporados mediante formación especializada coa limitación da dotación de prazas derivada dos límites nas taxas de reposición provocan unha carencia de persoal médico especialista dispoñible que dificulta de xeito moi notable, no inmediato, o reforzo de prazas e a cobertura e substitucións ou vacación pero, o que aínda é mais grave, que compromete a medio e longo prazo a asistencia sanitaria da nosa poboación, especialmente no que se refire a especialidades deficitarias como medicina familiar e comunitaria e pediatría de atención primaria.

Polo exposto, o Grupo Municipal do Partido Popular solicitamos que se adopte o seguinte ACORDO:

- 1.-Solicitar ao Goberno de España unha habilitación, de forma extraordinaria, dos centros de saúde necesarios para que teñan a consideración de centros acreditados para a formación, así como aos profesionais especialistas en Medicina Familiar e Comunitaria precisos para que poidan actuar como titores na formación de residentes.
- 2.-Solicitar ao Goberno de España unha convocatoria extraordinaria de prazas MIR que permita incorporar mais profesionais ao noso sistema sanitario e resolver o déficit de médicos en primaria e á Xunta de Galicia que cubra a totalidade desas prazas acreditadas e financie o 100% destas prazas con cargo aos seus orzamentos.
- 3.-Esixir ao Goberno de España que, mais aló destas medidas extraordinarias, cumpra os acordos do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde de abril do ano 2018 relativos ás reformas estruturais precisas para flexibilizar e axilizar o procedemento de acreditación de unidades docentes e os seus requisitos, permitindo a formación anual de mais profesionais especialistas.
- 4.-Esixir ao Goberno de España que cumpra os acordos do Pleno do Congreso dos Deputados e do Parlamento de Galicia sobre a necesaria eliminación das limitacións impostas para as taxas de reposición de efectivos nos sistemas sanitarios públicos autonómicos.
- 5.-Dar traslado destes acordos ao Goberno de España, á Xunta de Galicia, ao Congreso dos Deputados e ao Parlamento de Galicia. “

Ábrese unha quenda de intervencións.

Toma a palabra D. Alexander Doval Expósito (PP) quen sinala que esta moción ten por obxecto tentar paliar a carencia de médicos, a Xunta tentou

PLENO

facer unha ampliación de plantilla pero non pode pola taxa de reposición de efectivos, por iso solicitamos que o goberno permita unha convocatoria extraordinaria. Unha moción semellante aprobouse no Parlamento de Galicia.

Toma a palabra D^a. Beatriz Rodeiro Fernández (PSdeG-PSOE) quen afirma que está de acordo na necesidade de paliar a carencia de médicos de atención primaria, pero que existen algunhas cuestións na moción que non son correctas, parece que Mariano Rajoy viu todos os problemas que tiña a sanidade e que non fixo nada e que agora se pretende que o arranxe todo o actual goberno. Afirma que non se debe esquecer que a competencia en materia sanitaria é da Xunta de Galicia e que xa no ano 2012 a Xunta fixo un plan e xa sabía da precariedade de médicos e non fixo nada. Igualmente se di que os especialistas en sanidade familiar actúen como titores dos novos médicos e a maioría deles non queren porque non se lles retribúe a maiores esta labor. Di que se fagan nos centros de saúde e xa se están a facer, de feito no noso centro de saúde se fan prácticas. Resulta curioso que traian esta moción, cando o PSdeG-PSOE trouxo unha semellante hai uns meses votaron a favor pero dicindo que en Oroso non había problemas.

Toma a palabra D. José Manuel Mirás Pulleiro (OR) quen afirma que as competencias MIR son do Estado e é certo que en Galicia se teñen reducido prazas. Deberíanse crear mais prazas nas facultades de medicina, ao igual que temos tres aeroportos sería necesario crear algunha facultade mais de medicina.

Intervén D. Alexander Doval Expósito (PP) quen afirma que o problema é a taxa de reposición, que non debería ser igual para educación, seguridade e sanidade. É certo que a competencia en materia de sanidade é da Xunta de Galicia pero o MIR é do Estado. En canto aos médicos de certa idade é certo que se lles permitía estar ata os 70 anos e que esa opción eliminouse porque se considerou que non era boa xa que se trata dunha profesión que trata da saúde da xente. É certo que temos un centro de saúde que é pioneiro en todos os plans que saca a Xunta de Galicia pero os médicos de familia síntese infravalorados. En todo caso se trata dun tema que se vai a agravar porque se van a xubilar un número importante de médicos. Tal vez sería necesario reorganizar tamén o número de centros de saúde.

D^a. Beatriz Rodeiro Fernández (PSdeG-PSOE) sinala que no sector sanitario a taxa de reposición é do 110%. A falla de médicos non é nova. Un médico cando remata a carreira aínda necesita 4 anos mais co MIR polo que a solución non pode ser inmediata, a pregunta que se lle pode facer ao grupo do PP é si se deron conta agora de que facían falta mais médicos. Afirma que o seu grupo votará a favor si se elimina o punto tres da moción xa que os centros médicos xa son centros onde se realizan prácticas. En relación á taxa de reposición os Concellos necesitarían que a taxa de reposición fora do 150% ou mais.

PLENO

D. José Manuel Mirás Pulleiro (OR) volve a insistir en que sería necesario crear novas facultades de medicina para ter mais persoal formado, xa que esta xente é a que nos está sacando desta situación de pandemia. As notas de corte son moi altas e terminan afectando a outras especialidades.

D. Alexander Doval Expósito (PP) afirma que imos a retirar o punto 3 da moción pero pediríamos que este tipo de cousas se comentasen antes xa que a moción leva 1 mes presentada.

O Sr. Alcalde responde que é bo debater e que este tipo de cuestións se debatan no Pleno porque o debate é enriquecedor. As veces este tipo de mocións costa aprobalas pese a estar todos de acordo cos puntos dos acordos pola exposición de motivos.

Non existindo mais intervencións o Sr. Alcalde somete a votación a moción coas modificacións acordadas e o Pleno por:

Votos a favor: trece (6 do PSdeG-PSOE; 4 do PP; 2 de OR e 1 do BNG).

Votos en contra: ningún (0 votos).

Abstencións: ningunha (0 votos) adopta o seguinte acordo:

1.-Solicitar ao Goberno de España unha habilitación, de forma extraordinaria, dos centros de saúde necesarios para que teñan a consideración de centros acreditados para a formación, así como aos profesionais especialistas en Medicina Familiar e Comunitaria precisos para que poidan actuar como titores na formación de residentes.

2.-Solicitar ao Goberno de España unha convocatoria extraordinaria de prazas MIR que permita incorporar mais profesionais ao noso sistema sanitario e resolver o déficit de médicos en primaria e á Xunta de Galicia que cubra a totalidade desas prazas acreditadas e financie o 100% destas prazas con cargo aos seus orzamentos.

3.-Esixir ao Goberno de España que cumpra os acordos do Pleno do Congreso dos Deputados e do Parlamento de Galicia sobre a necesaria eliminación das limitacións impostas para as taxas de reposición de efectivos nos sistemas sanitarios públicos autonómicos.

4.-Dar traslado destes acordos ao Goberno de España, á Xunta de Galicia, ao Congreso dos Deputados e ao Parlamento de Galicia

6.2.-Moción presentada polo grupo municipal do PP relativa á baixada do prezo da luz.

Non existindo intervencións en relación á urxencia da moción o Sr. Alcalde somete a votación e o Pleno por:

Votos a favor: trece (6 do PSdeG-PSOE; 4 do PP; 2 de OR e 1 do BNG).

Votos en contra: ningún (0 votos).

Abstencións: ningunha (0 votos) aproba a urxencia da moción.

PLENO

Logo de ver o contido da moción:

“Nas primeira semanas do ano 2021 o sistema eléctrico experimentou un encarecemento substancial de prezos, acadando niveis por riba dos 90€/MWh, que supoñía xa daquela máximos históricos, co conseguinte impacto negativo na factura eléctrica de familias, pemes e autónomos.

Neste contexto, o pasado 1 de xuño entraba en vigor o novo modelo de factura eléctrica para os case 11 millóns de consumidores españois acollidos ao PVPC (Prezo Voluntario para o Pequeno Consumidor) . Daquela o Ministerio para la transición Ecológica y el Reto Demográfico animaba aos consumidores a trasladar o consumo de enerxía eléctrica das horas punta aos tramos chan e val (os de menor demanda). Este cambio nos hábitos de consumo redundaría en “menores custos os consumidores” e “un maior aforro na factura”, tal e como se recolle na nota de prensa do Ministerio do pasado 5 de maio.

Nada mais lonxe da realidade. Son moitos os días nos que os medios de comunicación nos trasladan prezos récord consecutivos da luz. No mes de xullo o prezo medio no mercado maiorista acadou 92,42€/MWh,, en agosto 105,94 €/MWh; e o pasado 16 de setembro a cifra de 188,18 €/MWh, cuadruplicando o valor que marcou durante o terceiro xoves de setembro de 2020 (47,11 euros).

Unha subida desbocada do megavatio hora que impacta de maneira moi especial nos colectivos máis vulnerables – aumentando o risco de pobreza enerxética – e naqueles autónomos, pemes e empresas que non teñen capacidade de adaptar a súa actividade aos novos horarios.

Por outra banda, hai que engadir que – ata agora – en España menos do 40% da factura da electricidade dependía do custe da enerxía. O resto, débese aos custos regulatorios derivados da xestión política (por exemplo, subvencións ás renovables ou ao carbón ou o déficit de tarifa, entre outras) a aos impostos (o imposto sobre o valor engadido, o imposto sobre o valor da produción de enerxía, entre outros).

Por tanto, unha das vías máis inmediatas para reducir a factura da luz é a rebaixa dos impostos e custos que gravan a electricidade, pero comprende desenvolver medidas estruturais que afronten unha verdadeira reforma do sistema eléctrico. Sen embargo, mentres as familias, pemes autónomos e todo o tecido empresarial galego – e especialmente a industria electrointensiva – están moi preocupados por estas subidas descontroladas do prezo da electricidade, as medidas aprobadas polo goberno de España, non so chegan tarde, senón que son insuficientes e nacen desde a improvisación, sen explicar que consecuencias terán o próximo ano.

Así pois, a partida do gasto prevista nos orzamentos municipais non abondará para fronte a estes incrementos do prezo da luz, cando as prioridades do gasto deberían ir encamiñadas a atenderas necesidades dos nosos veciños.

Polo exposto, o Grupo Municipal do Partido Popular solicitamos que se adopte o seguinte ACORDO:

PLENO

PRIMEIRO: O Concello de Oroso insta ao goberno de España a eliminar o tipo de gravame do imposto sobre o Valor de Producción de Enerxía Eléctrica do 7% modificando a Lei 15/2012, de 27 de decembro de medidas fiscais para a sustentabilidade enerxética.

SEGUNDO: O Concello de Oroso insta ao goberno de España a modificar a Lei 24/2013, do Sector Eléctrico para que, entre outros aspectos, determinados custos regulatorios que se trasladan á factura eléctrica (débeda do sistema eléctrico, custos extrapeninsulares) sexan financiados integramente con cargo aos orzamentos xerais do Estado.

TERCEIRO: O Concello de Oroso insta ao goberno de España a modificar a Lei 37/1992, do Imposto sobre o Valor Engadido para facer permanente a rebaixa do IVE da electricidade do 21 ao 10%.

CUARTO: O Concello de Oroso insta ao goberno de España a impulsar o descenso da factura eléctrica a través da revisión dos tramos horarios, na medida en que o período val de luns a venres, no que a tarifa é mais barata, vai desde as 12 horas da noite ata as 8 da mañá, o que fai moi difícil o aforro das familias.

QUINTO: o concello de Oroso insta ao goberno de España a ampliar o dereito a poder acollerse ao Prezo Voluntario do Pequeno Consumidor (PVPC) ata potencias iguais ou inferiores a 15 kW para o consumidos domésticos, co fin de facilitar o acceso ao Bono Social Eléctrico.

SEXTO: O concello de Oroso insta ao goberno de España a loitar contra a pobreza enerxética entre os consumidores mais vulnerables, establecendo axudas específicas para o pagamento de facturas e asumindo o 100% dos custos para evitar o corte da subministración eléctrica.

Toma a palabra D. Alexander Doval Expósito (PP) para explicar o contido da moción. Sinalando que o prezo da luz está disparado, que cada vez se piden mais bonos sociais, e igualmente se ten que pedir que o cidadán poida entender a factura eléctrica

Intervén D. José Manuel Mirás Pulleiro (OR) quen afirma que xa se trouxo unha moción en termos semellantes a outro pleno. En todo caso entre as medidas concretas que se poderían adoptar polo Concello sería reducir o gasto no alumeado de nadal, que é unha incongruencia.

Intervén D^a. Isabel Fernández Gallego (BNG) quen afirma que a súa postura neste tema é clara, e avoga por unha tarifa galega e unha empresa pública que xestione o subministro de electricidade e que a xestión por exemplo da enerxía eólica se vinculen a proxectos empresariais e non pase como pasou con Gamesa.

PLENO

A continuación toma a palabra D. Antonio Leira Piñeiro (PSdeG-PSOE) quen afirma que desde a anterior moción que se presentou a esta si que se produciron cambios, por exemplo o Goberno suprimiu o IVE, pero non podemos esquecer que España é un país que depende moito do gas e o gas é caro. Débese abordar unha reforma importante do sistema. O Goberno adoptou medidas pero é certo que resultan insuficientes. Afirma igualmente que se trata dun problema a nivel europeo.

Toma a palabra de novo D. Alexander Doval Expósito (PP) quen afirma que en relación ao sinalado por D. José Manuel Mirás Pulleiro, é certo que o alumeado de Nadal é un gasto pero logo repercute no comercio, temos o exemplo extremo de Vigo que lle funcionou.

En relación á intervención de D^a. Isabel Fernández Gallego, é un mantra que ten o BNG, pero logo cando chegan ao goberno non o fan e incluso externalizan servizos como no propio Concello de Oroso.

Recoñece que o Goberno tomou medidas pero que resultan claramente insuficientes, é certo que temos un problema de dependencia enerxética pero logo non nos gustan os eólicos, pechamos as centrais nucleares etc... se ten que repensar o modelo.

D. José Manuel Mirás Pulleiro (OR) considera que efectivamente pode ser que se produza esa vinculación entre o alumeado e as compras nas grandes cidades, pero iso non pasa en Oroso e nos concellos de tamaño semellante.

Intervén D. Antonio Leira Piñeiro (PSdeG-PSOE) quen sinala que a liberalización a fixo precisamente Aznar. A emisión de carburantes do CO2 está a supoñer un 25% de suba. O peche das centrais ven como consecuencia de que Europa nos dixo que estabamos a exceder a emisión do CO2. Ninguén quere pechar as centrais como a das Pontes pero é Europa quen nos obriga. É un tema importante e complicado en todo caso afirma que van a apoiar a moción e o PP podería tamén facer un xesto e aprobar a revalorización das pensións para axudar a esa xente.

Pecha a quenda de intervencións o Alcalde-Presidente, quen afirma que o seu grupo vai a apoiar esta moción porque hai moitas familias que o están pasando mal pero tampouco se pode pretender culpar de todo ao goberno, da crise do COVID, da suba da electricidade e logo votar en contra da revalorización das pensións, dos orzamentos...Preocupa o desglose da factura de electricidade porque a súa contía é moi elevada se non, non lle importaría a ninguén. En canto ao alumeado de Nadal considera que sería contraproducente con apoiar ao comercio local, igualmente ás empresas que viven de colocar este tipo de iluminación e por último tamén está a ilusión da xente sobre todo despois do que levamos pasado coa pandemia.

Non existindo mais intervencións o Sr. Alcalde somete a moción a votación e o Pleno por:

PLENO

Votos a favor: trece (6 do PSdeG-PSOE; 4 do PP, 2 de OR e 1 do BNG).

Votos en contra: ningún (0 votos).

Abstencións: ningunha (0 votos) adopta o seguinte acordo:

PRIMEIRO: O Concello de Oroso insta ao goberno de España a eliminar o tipo de gravame do imposto sobre o Valor de Produción de Enerxía Eléctrica do 7% modificando a Lei 15/2012, de 27 de decembro de medidas fiscais para a sustentabilidade enerxética.

SEGUNDO: O Concello de Oroso insta ao goberno de España a modificar a Lei 24/2013, do Sector Eléctrico para que, entre outros aspectos, determinados custos regulatorios que se trasladan á factura eléctrica (débeda do sistema eléctrico custos extrapeninsulares) sexan financiados integramente con cargo aos orzamentos xerais do Estado.

TERCEIRO: O Concello de Oroso insta ao goberno de España a modificar a Lei 37/1992, do Imposto sobre o Valor Engadido para facer permanente a rebaixa do IVE da electricidade do 21 ao 10%.

CUARTO: O Concello de Oroso insta ao goberno de España a impulsar o descenso da factura eléctrica a través da revisión dos tramos horarios, na medida en que o período val de luns a venres, no que a tarifa é mais barata, vai desde as 12 horas da noite ata as 8 da mañá, o que fai moi difícil o aforro das familias.

QUINTO: o concello de Oroso insta ao goberno de España a ampliar o dereito a poder acollerse ao Prezo Voluntario do Pequeno Consumidor (PVPC) ata potencias iguais ou inferiores a 15 kW para o consumidos domésticos, co fin de facilitar o acceso ao Bono Social Eléctrico.

SEXTO: O concello de Oroso insta ao goberno de España a loitar contra a pobreza enerxética entre os consumidores mais vulnerables, establecendo axudas específicas para o pagamento de facturas e asumindo o 100% dos custos para evitar o corte da subministración eléctrica

6.3.- Moción presentada polo grupo municipal do PP de Oroso contra a Orde ministerial de inclusión do lobo no listado de especies en réxime de protección especial.

Non existindo intervencións en relación á urxencia da moción o Sr. Alcalde somete a votación e o Pleno por:

Votos a favor: trece (6 do PSdeG-PSOE; 4 do PP; 2 de OR e 1 do BNG).

Votos en contra: ningún (0 votos).

Abstencións: ningunha (0 votos) aproba a urxencia da moción.

Logo de ver o contido da moción:

PLENO

“O día 21 de setembro saíu publicada no BOE a Orde Ministerial pola que o lobo pasa a estar incluído no listado de especies en réxime de protección especial, listado LESPRES.

Esta inclusión ven a supoñer na práctica que a partires de agora, o lobo deixe de ter a consideración de especie cinxética, polo que o seu control queda prohibido.

A consecuencia non é outra que cando se produzan danos, aínda que estean constatados, non se poderá autorizar ningún tipo de batida, espera ou acción de control similar.

Por outra banda, esta inclusión determina que o Plan de xestión do lobo en Galicia, deixa de estar en vigor, así como as axudas de prevención e danos que estaban contemplados no mesmo.

En todo caso, tal como sinala e establece a Orde Ministerial, para que os gandeiros poidan ter dereito a algún tipo de axudas, deberán contar cun plan de prevención axustado ás medidas establecidas polo propio Ministerio de Transición Ecolóxica. Medidas incluídas nun catálogo tanto para o bovino como para o caprino e ovino, que fan na práctica inviables a meirande maioría das explotacións galegas.

Polo exposto, o Grupo Municipal do Partido Popular solicitamos que se adopte o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO: o Pleno do Concello de Oroso insta á Xunta de Galicia a interpoñer os recursos correspondentes ante os Tribunais aos efectos de que se anule a Orde Ministerial pola que se inclúe ao lobo no listado LESPRES.

SEGUNDO: o Pleno do Concello de Oroso insta ao Ministerio para a transición Ecolóxica a que habilite axudas para subvencionar aos gandeiros a adopción das medidas de prevención establecidas no Catálogo aprobado por este Ministerio.

TERCEIRO: o Pleno do Concello de Oroso insta ao Ministerio de Agricultura para que habilite axudas para paliar os danos que causen os lobos. “

”

Toma a palabra D. Alexander Doval Expósito (PP) para explicar o contido da moción e sinalar que é un problema grave para Galicia, a este pleno se trouxeron mocións para dicir que as axudas da Xunta polo lobo eran poucas, pero agora aínda serán menos ao incluír ao lobo entre as especies protexidas. España é moi grande e ten moitas realidades, parece que a norma está pensada de Madrid para abaixo, que non teñen problemas co lobo. Parece que están previstas unhas axudas de 200.000 euros cando so para Galicia os danos poden superar os 2.000.000 euros. As veces considera que nos pasamos de freada co ecoloxismo e en Galicia non existen batidas como as do xabaril. Par ao norte, para Galicia esta norma non está ben, xa que se alguén mata a un lobo será un delito.

PLENO

Intervén D. José Manuel Mirás Pulleiro (OR) quen afirma que o seu grupo se vai a abster xa que non saben en que medida o tema das batidas podería afectar á biodiversidade, e non elementos de xuízo suficientes.

A continuación toma a palabra dona Isabel Fernández Gallego (BNG) quen di que quere aclarar algunha cuestión da moción. Considera que se debe protexer ao lobo e tamén ás explotacións. Na moción se di que non se permitirá o control e iso non é certo, se permite pero sempre dentro do Plan fixado. Considera que levamos 25 anos aplicando en Galicia a anterior normativa e non funciona polo que considera que se lle debería de dar unha oportunidade a esta. Si está de acordo en que se solicite que se aumenten as axudas xa que desde o 2004 se leva pedindo e son moi baixas. Sabemos que existen unhas 60 mandas catalogadas, os 260.000 euros do orzamento do Estado se terían que repartir entre todos os gandeiros polo que quedan uns 2000 euros para cada gandería. Entre o 2013 e o 2020 autorizáronse 38 batidas con 0 animais mortos, pero sen embargo apareceron entre 200 e 300 lobos mortos, polo que o problema considera que é o furtivismo e agora se lles poderá condenar penalmente. Ao mellor tanto eucalipto e tanto romper o ecosistema sexa o problema real e a raíz do problema.

Intervén D. Antonio Leira Piñeiro (PSdeG-PSOE) quen afirma que non é un especialista na materia, e se pregunta se o lobo é un problema en Oroso considerando que non o é. Igualmente lle sorprende o primeiro punto da moción no sentido de que o Concello inste á Xunta a que presente os recursos procedentes, realmente é o Concello de Oroso quen ten que instar á Xunta a facer iso, cando a Xunta ten mellor coñecemento desta materia, se considera que procede xa presentará os recursos ante os tribunais.

Toma a palabra de novo D. Alexander Doval Expósito (PP) quen di que é certo que en Oroso non é un problema grave aínda que si houbo algún caso illado, e se o ampliamos á comarca serían mais. Afirma que non está de acordo coa exposición feita por D^a. Isabel Fernández Gallego, e que o que está claro é que se o lobo se protexe mais, aumentará o número. O Director Xeral deste Ministerio dimitiu porque sendo de Asturias considerou que se trataba dun ataque directo aos gandeiros asturianos.

Toma a palabra D. Antonio Leira Piñeiro (PSdeG-PSOE) quen sinala que mañá se pode saír por parte do PP dicindo que o grupo de goberno non aproba unha moción que deixa á xente desprotexida contra o lobo e crear alarma. Considera que se debe facer un uso razoable das mocións. O artigo 54 da Lei obriga á Xunta de Galicia a manter a diversidade, e nese sentido que o faga. O tema da pediatría de Oroso era mais serio e importante para Oroso e parece que para o PP é mais importante o tema do lobo.

Pecha a quenda de intervención o Alcalde-Presidente e di que cada un ten que actuar dentro das súas competencias e que así o fagan.

PLENO

Non existindo mais intervencións o Sr. Alcalde somete a votación a moción coas modificacións acordadas e o Pleno por:

Votos a favor: catro (4 do PP).

Votos en contra: sete (6 do PSdeG-PSOE e 1 do BNG).

Abstencións: dúas (2 OR) non aproba a moción presentada polo grupo municipal do PP.

6.4.- Moción presentada polo grupo municipal de OR para a mellora do trazado urbano do Camiño Inglés en Sigüeiro.

Non existindo intervencións en relación á urxencia da moción o Sr. Alcalde somete a votación e o Pleno por:

Votos a favor: trece (6 do PSdeG-PSOE; 4 do PP; 2 de OR e 1 do BNG).

Votos en contra: ningún (0 votos).

Abstencións: ningunha (0 votos) aproba a urxencia da moción.

Logo de ver o contido da moción:

Sobre o trazado urbano no núcleo de Sigüeiro existe unha incidencia significativa da circulación viaria e de xeito específico de vehículos estacionados ao seu carón que orixinan un impacto negativo na calidade ambiental do paso do Camiño Inglés polo núcleo principal do concello.

Dende o lateral do centro de saúde, logo a parte posterior do centro cívico, a praza de Isaac Díaz Pardo, a rúa Lengüelle, rúa do Tambre, Camiño Real, avenida de Compostela , detéctase a carón do Camiño que existe unha ocupación da vía pública por parte dos vehículos estacionados que constitúe un deterioro visual e paisaxístico do Camiño de Santiago e polo tanto do principal elemento turístico do Concello de Oroso.

Xa no límite do Concello de Santiago entre a ponte do Tambre e o lugar da Polveira a situación é moi similar. É certo que xa non é Concello de Oroso, pero forma parte da continuidade urbana de Sigüeiro e por tanto do Camiño Inglés.

Consideramos necesario elaborar e implementar de xeito progresivo un programa de redución de vehículos estacionados nos laterais do trazado urbano do Camiño Inglés que permita corraxir esta circunstancia de feísmo introducido sobre o Camiño Inglés.

Liberar progresivamente de vehículos estacionados permitiría recuperar maior anchura de espazo público para o seu debido axardinamento e valorización ambiental tendo en conta que as características das edificacións do núcleo urbano non ofrecen singularidade de relevancia.

Como reforzo do expostos nos parágrafos anteriores lembrar que gran parte do Camiño Inglés ven condicionado polo impacto acústico e visual da circulación da autoestrada AP-9 e logo do polígono industrial.

No medio queda a Alameda de Gois que supón unha distancia menor en termos globais.

PLENO

Proposta de acordo.

Que o Concello de Oroso inicie un procedemento técnico - administrativo dirixido a minorar a incidencia de vehículos estacionados a carón do Camiño Inglés e no seu caso darlle traslado a administración autonómica para o seu análise e informe. “

Toma a palabra o concelleiro D. José Manuel Mirás Pulleiro (OR) para defender o acordo exposto na moción.

Intervén D. Alexander Doval Expósito (PP) quen di que ten unha serie de dúbidas en relación a esta moción, xa que non sabe ben se o que se pide é que se faga un estudo ou que directamente se reduzan as prazas xa que considera que se debería buscar un equilibrio entre ambas necesidades.

Toma a palabra D. Antonio Leira Piñeiro (PSdeG-PSOE) quen di que lle pasa o mesmo e que ten a mesma dúbida, en todo caso sinala que seguro que o Camiño Inglés se pode mellorar pero tamén se ten que buscar o punto de equilibrio coa vida en Oroso. Por exemplo cando se levou a cabo a reforma da rúa Lengüelle houbo moita resistencia polos comerciantes. Afirmo que isto non é Lalín ou Pontevedra pero considera que non o están a facer mal para conxugar ambas necesidades. Está claro que non se pode eliminar o Polígono pero estamos a facer unha senda, se está a recuperar algunha fonte e manifesta que está moi contento co rumbo que está a tomar o Concello co Camiño Inglés.

Respóstalle o concelleiro D. José Manuel Mirás Pulleiro (OR) o que se está a pedir é que se faga un estudo que podería estar vinculado co que está a facer Santiago para a eliminación de prazas de aparcamento na contorna do Camiño Inglés. Afirmo que un arquitecto lle dicía en que Galicia hai dous tipos de concellos, os que teñen un casco histórico e os que non e nestes últimos como é Oroso, ou axardinas todo ou non serve de nada xa que os edificios non aportan nada. Hai unha clara dependencia do automóbil, a xente quere chegar con el ata a porta de casa.

Alexander Doval Expósito (PP) afirma que segue coa mesma dúbida, se o que se pretende so é realizar un estudo co que estarían de acordo ou pola contra unha medida de mais calado e quitar directamente prazas de aparcamento que niso non estarían de acordo.

Toma a palabra o Alcalde-Presidente quen afirma que o entende perfectamente, o que pretende é que se saquen progresivamente, e se non que me corrixa.

Toma a palabra D. Antonio Leira Piñeiro (PSdeG-PSOE) quen afirma que estamos nun concello verde e o PXOM permitiunos espazos verdes como o Carboeiro, e se ten que reivindicar iso, os nosos nenos van a pe ao colexio ao

PLENO

pavillón etc...pero está claro que é mellorable o Camiño Inglés e así o estamos a facer.

D. José Manuel Mirás Pulleiro (OR) afirma que a Alameda de Gois está moi ben pero son 100 metros de Camiño Inglés. O Concello é verde polo rural, pero do que se trata é de cortar unha árbore e poñer unhas macetas con prantas diante do Concello iso non é ser verde. Se nos derradeiros 14 anos non se fixeron obras de axardinamento de ningún espazo público.

Intervén o Sr. Alcalde – Presidente quen considera que non é serio poñer como exemplo que se cortou unha árbore que estaba en mal estado e que era un perigo e se puxeron dúas pratas diante do Concello. A rúa Ourense quedou ben aínda que se dicía que era todo cemento, se está a facer unha senda polo polígono . Afirma que a el lle gusta o verde e o intentaremos impulsar, sorpréndelle de todos xeitos que D. José Manuel Mirás Pulleiro, fale do impacto visual e posteriormente estea en contra da circunvalación para sacar os automóviles do centro, sen sequera ver o proxecto. O verdadeiro impacto e que os peregrinos teñan que pasar ao lado dos camións. Estamos traballando no plan de mobilidade pero temos que conxugalo co comercio. Afirma que lle gustaría que as rúas foran peatonais pero logo está a oposición de moita xente e cando esa oposición se produza lle gustaría aos concelleiros da oposición que estiveran deste lado e non do lado dos que protestan. Na Alameda de Gois hai un espazo verde e outro asfaltado porque non se pode ter todo, porque logo non hai espazos para poder realizar actos e se quere todo. Reitera que non entende como se pode queixar do impacto visual na Rúa Lengüelle e despois estea en contra de sacar o tráfico pesado do centro.

Non existindo mais intervencións o Sr. Alcalde somete a votación a moción e o Pleno por:

Votos a favor: dous (2 de OR).

Votos en contra: sete (6 do PSdeG-PSOE e 1 do BNG).

Abstencións: catro (4 do PP) non aproba a moción presentada.

6.5.- Moción presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE e pola representante do BNG de Oroso en defensa do mantemento das oficinas bancarias no Concello de Oroso.

Non existindo intervencións en relación á urxencia da moción o Sr. Alcalde somete a votación e o Pleno por:

Votos a favor: trece (6 do PSdeG-PSOE; 4 do PP; 2 de OR e 1 do BNG).

Votos en contra: ningún (0 votos).

Abstencións: ningunha (0 votos) aproba a urxencia da moción.

Logo de ver o contido da moción:

PLENO

“Nos últimos anos, parte da poboación do rural foi privada de poder acudir a unha sucursal bancaria ante o peche de numerosas oficinas (51,52% na última década), co conseguinte decrecemento de postos de traballo, no noso país, converténdose nun problema de primeira orde, especialmente nos pequenos concellos.

Existe polo tanto, un verdadeiro risco de que os habitantes dos pequenos núcleos de poboación sufran exclusión financeira, territorial ou xeográfica, o que lles obrigaría a desprazarse até núcleos máis grandes para facer xestións tan rutinarias como dispor de diñeiro en efectivo, abrir unha conta corrente ou renovar unha tarxeta. Isto comporta un prexuízo para o comercio local,

moitos veciños farán as súas compras no lugar ao que se desprazaron.

Faise especialmente grave a situación no caso das persoas maiores, privándoas dos seus dereitos e limitando seriamente as súas capacidades económicas, máxime cando é practicamente obrigatorio ter unha conta bancaria pero despois non se presta un servizo presencial e obrígaselles a ser

expertos en tecnoloxía. Esta escalada de abusos bancarios e a restrición de servizos polo afán de lograr inxustos beneficios por parte de empresas privadas que converteron en bancos as nosas caixas, repercuten negativamente no emprego, no benestar, na seguridade, no mantemento da poboación e no crecemento económico dos núcleos rurais.

En definitiva, ante unha situación que pretende aumentar a fenda entre medio rural e urbano, degradando as condicións de vida e de servizos nos pequenos concellos sometemos ao Pleno desta corporación os seguintes acordos:

ACORDOS

1. *Mostrar publicamente o rexeitamento do Concello de Oroso ao peche da oficina do Banco Sabadell aquí establecida, e a súa aposta polo mantemento do servizo e postos de traballo*
2. *Rexeitar a redución do persoal do Banco Santander, Caixa Bank e BBVA onde só hai un axente para atender aos usuarios causando as veces o prexuízo de ter que desprazarse a outra localidade por non poder solucionar nesta, ou non substituír ao persoal durante as vacación e permanecer pechada a entidade durante un mes.*
3. *Rexeitar a aptitude de Abanca pola redución de horario para a realización de actividades básicas como a retirada de efectivo ou pago de recibos, pero si pódese entrar a firmar seguros ou préstamos.*
4. *Condenar a actitude da Xunta de Galiza subvencionando a estas entidades para a colocación de caixeiros automáticos nos concellos nos que están pechando as sucursais, supondo na práctica o financiamento da destrución de postos de traballo e da perda de servizos nos concellos pequenos. Estanse a destinar 2,88 millóns de euros para que as entidades bancarias instalen caixeiros despois do peche das oficinas, cartos que son subtraídos do Fondo destinado aos Concellos, xa moi mermado.”*

Toma a palabra D^a. Isabel Fernández Gallego (BNG) para defender o contido da moción sinalando que estamos a ver como desaparecen dos pobos as

PLENO

sucursais bancarias, o que afecta a moita xente maior que non está acostuada a utilizar as tecnoloxías e que están acostumados a falar cos empregados do banco. Igualmente repercute negativamente no comercio xa que a xente ten que trasladarse a onde está a sucursal bancaria e logo xa merca alí. Tamén supón unha redución de postos de traballo. Resulta que a Xunta de Galicia van subvencionar con mais de dous millóns de euros a colocación de caixeiros nas entidades locais e os empregados municipais van a ter que explicarlles aos veciños como funcionan e como neste concello, non existe persoal suficiente para que ademais teñan que facer esta tarefa.

D. José Manuel Mirás Pulleiro (OR) afirma que van a apoiar esta moción, sobre todo pola defensa do rural. Temos unha farmacia no rural que da bo servizo. O problema é que se un vende a banca pública agora está en mans privadas. Finalmente afirma que non está de acordo que se subvencione con diñeiro público a prestación deste servizo de caixeiros nas entidades locais.

D. Alexander Doval Expósito (PP) afirma que van a votar a favor desta moción, é certo que se trata dun problema complexo, pero a realidade é que parece que o banco Sabadell vai marchar de Orosa e outros quedan como meras franquicias. Efectivamente son empresas privadas e buscan o seu beneficio. O punto 4 da moción, sen estar de acordo coa solución e entendendo que non é o mellor a realidade e que a Xunta buscou alo menos unha solución e que é algo que apoiou a Fegamp e que 38 concellos xa están adheridos incluídos concellos do BNG. Son ademais caixeiros que so serven para sacar cartos e nada mais.

D. Antonio Leira Piñeiro (PSdeG-PSOE) afirma que están todos moi preocupados por esta situación. Case se podería equiparar os bancos aos centros de saúde, no sentido en que fan tamén de punto de encontro especialmente entre os nosos maiores. Quitar todo iso lle parece algo cruel. O 90% dos concellos que se adheriron ao convenio da Fegamp eran concellos que xa non tiñan sucursal bancaria, pero agora o que está pasando é que se están pechando sucursais que estaban abertas. De novo ademais se lle pretenden meter competencias aos concellos e nos vemos aos empregados municipais atendendo incidencias que poidan ter os caixeiros. No caso de Abanca é sangrante porque compran o banco a prezo de saldo e agora lle temos que subvencionar o caixeiro. Estamos a falar dunha situación que sobre todo afecta ao rural.

Dª. Isabel Fernández Gallego (BNG) sinala que cando pecha unha oficina deixa de pagar un aluguer, e ademais ou bota aos traballadores ou os traslada, polo que todo o que ten é beneficio. Lle deixamos o concello e lle subvencionamos o caixeiro polo que todo é a gañar.

Intervén o Sr. Alcalde quen afirma que está de acordo con todo o dito ata agora e en todo caso efectivamente son entidades privadas pero négase a que o concello leve a cabo este servizo. Os traballadores deste concello están facendo verdadeiros esforzos para sacar o traballo a diante.

PLENO

Non existindo mais intervencións o Sr. Alcalde somete a votación a moción coas modificacións acordadas e o Pleno por:

Votos a favor: trece (6 do PSdeG-PSOE; 4 do PP; 2 de OR e 1 do BNG).

Votos en contra: ningún (0 votos).

Abstencións: ningunha (0 votos) adopta o seguinte acordo:

1. *Mostrar públicamente o rexeitamento do Concello de Oroso ao peche da oficina do Banco Sabadell aquí establecida, e a súa aposta polo mantemento do sevizo e postos de traballo*
2. *Rexeitar a redución do persoal do Banco Santander, Caixa Bank e BBVA onde só hai un axente para atender aos usuarios causando as veces o prexuízo de ter que desprazarse a outra localidade por non poder solucionar nesta, ou non substituír ao persoal durante as vacación e permanecer pechada a entidade durante un mes.*
3. *Rexeitar a aptitude de Abanca pola redución de horario para a realización de actividades básicas como a retirada de efectivo ou pago de recibos, pero si pódese entrar a firmar seguros ou préstamos.*
4. *Condenar a actitude da Xunta de Galiza subvencionando a estas entidades para a colocación de caixeiros automáticos nos concellos nos que están pechando as sucursais, supondo na práctica o financiamento da destrución de postos de traballo e da perda de servizos nos concellos pequenos. Estanse a destinar 2,88 millóns de euros para que as entidades bancarias instalen caixeiros despois do peche das oficinas, cartos que son subtraídos do Fondo destinado aos Concellos, xa moi mermado.”*

6.6.- Moción presentada polos grupos municipais PSDEG-PSOE e BNG para solicitar á Consellería de Cultura, Educación e Universidades as obras solicitadas no CEIPP Sigüeiro.

Non existindo intervencións en relación á urxencia da moción o Sr. Alcalde somete a votación e o Pleno por:

Votos a favor: trece (6 do PSdeG-PSOE; 4 do PP; 2 de OR e 1 do BNG).

Votos en contra: ningún (0 votos).

Abstencións: ningunha (0 votos) aproba a urxencia da moción.

Logo de ver o contido da moción:

“Coincidindo co inicio do curso escolar a prensa inundouse de noticias sobre a inversión que a Consellería de Cultura, Educación e Universidade emprendera durante o verán nos centros de educación infantil, primaria e secundaria de Galiza, para modernizalos.

Mellora en 400 centros educativos cunha inversión de 30 millóns de euros, Plan de nova arquitectura pedagóxica..., Obras en Noia, Ourense, Lugo, Ames, Cerceda.....e Oroso?.

PLENO

Nun xornal aparece de forma moi breve Oroso, pode facer relación as pingueiras que nunca se rematan de amañar no CEIP Camiño Inglés ou á casa do conserxe no IES que se adaptou como aula.

No consello escolar do 27 de abril de 2021 aprobouse solicitar ao Xefe territorial que o CEIP Sigüeiro fora incluído no Plan de melloras para o aforro enerxético onde se inclúen cambio de fiestras (as que quenda pendentes), cambio de portas no edificio vello, cambio da cuberta no edificio vello, instalación eléctrica...

O compromiso foi acudir ao centro escolar para ver as necesidades. A día de hoxe o Xefe territorial da Coruña Indalecio Cabana Leira non se presentou no centro.

O número de alumnado existente nos centros escolares hoxe é de 916 rapazas e rapaces que acoden a formarse nos nosos centros educativos e téñeno que facer nas mellores condicións. Dende o Concello cumprimos coas nosas obrigas de mantemento dos edificios (fixemos un investimento de 20.000 euros este ano), indo en ocasións mais aló, porque sabemos que moito “ruralízate” pero nas aulas do CRA a Xunta non vai a investir un euro.

ACORDOS:

1.-Instar á Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia para que o CEIP Sigüeiro sexa incluído no Proxecto de mellora de centros e se acometan obras necesarias como se está a facer nos centros escolares doutros concellos de Galiza.

2.-Instar á Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galiza que acometa obras nas aulas do CRA tamén dentro do Plan de Nova Arquitectura pedagóxica. .”

Toma a palabra D. Isabel Fernández Gallego (BNG) quen explica o contido da moción e sinala que a resposta xa sabe que é que se fixo un centro escolar novo, pero, que facemos cos restantes alumnos que non van a ese centro? É por iso polo que solicitamos a inclusión do CRA e o CEIP no plan de nova arquitectura pedagóxica da Xunta de Galicia e que se poidan modernizar un centro con mais de 40 anos e unhas escolas con mais de 60 anos.

Toma a palabra o concelleiro D. José Manuel Mirás Pulleiro (OR) quen agradece a presentación da moción. Efectivamente é un centro que necesitaría unha reforma integral. Non se pode dicir que a Xunta non fixera nada, fixo unha gardería da galiña azul, fixo un novo centro do camiño inglés, un instituto...pero en todo caso é certo que necesita unha reforma e está ben pedilo.

Intervén D. Alexander Doval Expósito (PP) quen di que o seu grupo está de acordo co primeiro punto da moción, e nese sentido sempre estará de acordo en solicitar unha inversión a calquera administración. É certo que si comparamos ambos centros non hai color, pero iso tampouco quere dicir que o CEIP Sigüeiro sexa unha barraca. O certo é que o mellor tería sido realizar unha ampliación deste centro e unha rehabilitación integral, pero optouse

PLENO

pola creación doutro centro novo. En canto ao segundo punto, ata onde sabe a competencia en materia de obras do CRA é exclusiva dos concellos aínda que non está seguro diso.

D. Antonio Leira Piñeiro (PSdeG-PSOE) afirma que o proxecto do CEIP Camiño Inglés o deixou firmado o bipartito e o proxecto orixinal contemplaba dúas liñas e un pavillón que desapareceron . Feijoo o inaugurou pero foi unha infraestrutura asinada e presupostada polo bipartito. A galiña azul tamén foi feita a través do programa educa 3, que aportaban a partes iguais o Estado, o Concello e a Xunta pero ademais o Concello tiña que poñer os terreos e solicitouse esa inversión a Angel Gabilondo que por aquel entón era ministro de educación. En todo caso, a Xunta gastou mais de 700.000 euros en diversas actuacións en centros da comarca e nada en Oroso. A competencias era da Xunta de Galicia e sen embargo fixemos a pasarela e tamén dixeron desde o PP que xa chegaba tarde e por facer obras nas fiestras do colexio nos levaron ao xulgado. A Conselleira ten unha débeda co concello e Indalecio Cabanas mentiuos e enganounos e o que se está a inverter nos colexios é o que inverte o Concello de Oroso.

D^a. Isabel Fernández Gallego (BNG) sinala que non dixo que a Xunta de Galicia non invertera nada pero nos derradeiros sete anos, no CEIP Sigüeiro inverteuse 10.000 euros arranxar un baño. En barracóns non están, pero por exemplo se mirou de limpar os canlóns e se desfacían e hai apagóns porque a instalación eléctrica leva 40 anos igual. Cando había un so colexio e había 600 rapaces saltaba a luz, cando se reduciu o número de alumnos a cosa mellorou pero agora coa carga das tablets volven a existir problemas. O edificio antigo non ten ascensor e compre poñer o edificio no século XXI.

D. José Manuel Mirás Pulleiro (OR) sinala que o certo é que as veces uns proxectos se inician cun goberno e se terminan con outro, en Oroso temos o bendito problema da natalidade. Certo que non podemos dicir que sexa unha barraca, pero o certo é que está obsoleto e que canto antes se faga mellor.

D. Alexander Doval Expósito (PP) afirma que non vai a entrar en quen o deixou firmado ou non, e en todo caso quere aclarar que el non dixo que D^a. Isabel Fernández Gallego dixera que o colexio era unha barraca.

D. Antonio Leira Piñeiro (PSdeG-PSOE) afirma que o Sr. Doval non vai a entrar pero dixo que o fixera Feijoo,

Pecha a quenda de intervencións o Alcalde-Presidente quen di que por suposto que o CEIP Sigüeiro é un colexio digno pero o é porque o Concello vai facendo arranxos. Este ano 24.000 euros en mellora da educación. E se non o tiveramos que empregar niso o poderíamos destinar a outra cousas. Nese sentido, estamos desexando darlle as grazas ao Conselleiro pero cando faga algo.

PLENO

Non existindo mais intervencións o Sr. Alcalde somete a votación a moción coas modificacións acordadas e o Pleno por:

Votos a favor: trece (6 do PSdeG-PSOE; 4 do PP; 2 de OR e 1 do BNG).

Votos en contra: ningún (0 votos).

Abstencións: ningunha (0 votos) adopta o seguinte acordo:

1.-Instar á Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia para que o CEIP Sigüeiro sexa incluído no Proxecto de mellora de centros e se acometan obras necesarias como se está a facer nos centros escolares doutros concellos de Galiza.

2.-Instar á Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galiza que acometa obras nas aulas do CRA tamén dentro do Plan de Nova Arquitectura pedagóxica. .”

7.-Rogos e preguntas.

D. Alexander Doval Expósito (PP) sinala que a web e as redes sociais do Concello é o principal mecanismo que acode a xente a informarse e se debería actualizar visualmente. Así mesmo, as actas levan sen actualizarse desde o ano 2015.

O tema das beirarrúas en Sigüeiro, que están rotas e hai caídas e se debería mirar este tema.

O campo de fútbol de os Ánxeles ten a herba bastante alta e xa non di nada dos vestiarios que están desmantelados.

Xa outras veces comentamos o uso partidista que se facía das redes sociais do Concello, e volvemos a poñelo de manifesto xa que so se fala das mocións presentadas polo PSdeG-PSOE e polo BNG e deberían poñerse todas. Finalmente fai referencia ás pezas do museo do camiño inglés que foron desmanteladas e afirma que lle sorprendeu xa que se trataban de pezas que eran de propiedade privada.

Toma a palabra o Sr. Alcalde e di que toman nota dos rogos e en canto ao tema do uso partidista das redes sociais, non está de acordo pero en todo caso cando sacamos noticias boas pódense sumar dándolle por exemplo a me gusta, como a derradeira que puxemos que se ía a realizar unha recollida de cousas para enviar aos afectados polo volcán da Palma.

En canto á exposición, o director do colexio preguntounos se podían quedar alí, desde o Concello non se lle puxo ningún problema en que así fora, pero eran pezas privadas, se os donos queren levalas, ante iso non podemos facer nada.

Finalmente, quería dicir que baixo ningún concepto vai permitir que se poña en tela de xuízo o comportamento dos traballadores do concello e do grupo de goberno, e non me vale que se diga que foi un comentario feito por unha persoa, non lle parece ben que se insinúe que os traballadores do concello ou de protección civil ou o grupo de goberno se poidan quedar con algo, iso lle parece moi forte.

PLENO

Non habendo máis puntos na orde do día o Sr. Alcalde da por rematada a sesión cando son as 21: 25 horas do día sinalado ao comezo da presente acta, que asina dixitalmente o Secretario da Corporación para dar fe da mesma co visto e prace do Sr. Alcalde – Presidente.

O Alcalde - Presidente
Luís Rey Villaverde

O Secretario
Federico Suárez Cancelo.